

6. A Independencia das Colonias Americanas

Subapartado Contidos

Causas estruturais: o descontento crioulo	• Descontento Crioulo & peninsulares: A elite branca nada en América, ou burguesía crioula, controlaba os facendas e o comercio, pero non podían acceder ós cargos políticos e administrativos (Vicerrei, Capitán Xeneral), reservados a españois da península. Esta discriminación política foi o motor principal da ruptura. • O monopolio comercial: España impedía ás colonias comerciar libremente con outras potencias (como GB), obrigándoas a vender as súas materias primas baratas a España e mercar produtos manufacturados caros. • Baleiro de Poder e crise de Lexitimidade (1808): ó igual que na península, en América coa invasión napoleónica en España formáronse Xuntas. Inicialmente dicían defender a Fernando VII, pero axiña pasaron a promulgar constitucións propias (como a de Venezuela en 1811), influenciadas polas ideas da Ilustración, o exemplo da Independencia de EE.UU. e a Revolución Francesa.
O Proceso de Emancipación	• Primeira Fase (1808-1814): Tras a invasión francesa, créanse Xuntas en América que inicialmente xuran fidelidade a Fernando VII pero que axiña actúan como gobernos independentes (México, Venezuela, Arxentina). • Segunda Fase (1814-1824): Co regreso de Fernando VII e o restablecemento do absolutismo, o erro do monarca foi non negociar un modelo de autonomía (como pedían os deputados americanos en Cádiz), o rei enviou tropas de castigo para sufocar as revoltas. O que converteu un conflito político nunha guerra de liberación nacional. Comezan a xurdir figuras como: ◦ Simón Bolívar (no norte) Bolívar (o “Libertador”) buscaba a unión de América nunha gran confederación (Gran Colombia). ◦ José de San Martín (no sur). San Martín, dende o sur, deseñou unha estratexia brillante cruzando os Andes para liberar Chile e Perú. • Final do Proceso: A vitoria definitiva dos independentistas na Batalla de Ayacucho (1824) marca o fin do último gran exército realista en América continental. O xeneral Sucre selou o destino do imperio continental español. • España só conserva Cuba, Porto Rico e Filipinas.
O factor internacional: GB e EE.UU	• Interese Británico: Londres apoiou os independentistas con armas e cartos para romper o monopolio español e converter a América Latina no seu novo mercado de exportación. • Doutrina Monroe (1823): “<i>América para os americanos</i>”. Estados Unidos lanzou este aviso a Europa (especialmente á Santa Alianza) para que non intentasen recuperar as colonias españolas, consolidando a súa propia influencia no continente.
Consecuencias para España	• Perda de Status: España deixa de ser unha potencia imperial para converterse nunha potencia de segunda orde no contexto internacional. • Crise Económica: A perda definitiva dos “<i>caudais de Indias</i>” así como dos seu mercados coloniais, das materias primas baratas e dos ingresos que chegaban das minas e impostos americanos. Deixou ó Estado español sen ingresos para pagar a débeda de guerra e reconstruír o país, agravando a débeda da Facenda española. • Crise industrial. Cataluña e outras rexións perderon o seu mercado protexido, o que obrigou a unha dolorosa reconversión cara ao mercado interior español,

Subapartado	Contidos
	moito máis pobre.
Impacto Específico en Galicia	• Fin do Eixe Coruña-América: O porto da Coruña perdera en 1764 o monopolio do correo marítimo, pero mantiña un tráfico vital. Coa independencia, as grandes casas comerciais galegas -burgueses coruñeses e vigueses -colapsaron, afectando tamén ás industrias de salga e téxtiles que exportaban ao Caribe. • A Mudanza de Modelo: Galicia pasou de ser unha plataforma de intercambio a unha rexión illada. Malia a independencia e o baleiro económico que deixou a independencia das colonias, Galicia seguiu mantendo vínculos estreitos co continente, que se convertería no destino principal da emigración masiva galega cara a Cuba e o Río da Prata a mediados do XIX. • O “Indianismo”: Paradoxalmente, os lazos non romperon; moitos galegos foron facer fortuna ás colonias xa independentes, enviando remesas que anos despois financiarían escolas e infraestruturas en Galicia.